

RECURSOS DE BUSCA

EMPRESAS ▾

SUBSCRÍBETE ▾

CODIGO.GAL

NOVAS

TREBELLOS

VIDEOXOGOS

EDICIÓN IMPRESA

TOP 100 (WEBS GALEGAS)

TOP 50 (WEBS

A Intelixencia Artificial e o emprego europeo centraron en Mariñán o primeiro Encontro ClubUE

xoves, 27 de xullo do 2023 / S. P.

A primeira edición do Encontro ClubUE finalizou este 21 de xullo no pazo de Mariñán (Deputación da Coruña) despois de tres xornadas de formación e intercambio nas que participaron 16 mozos e mozas dos ClubUE de Europe Direct A Coruña e Europe Direct Asturias. Durante o encontro, as persoas participantes puideron desenvolver competencias non formais como a comunicación, o traballo en



equipo e a resolución creativa de problemas, aprender e debater sobre temas de actualidade, Intelixencia Artificial, e potenciar outras habilidades, como son a busca de emprego dentro da Unión Europea ou o deseño de proxectos europeos relacionados coa xuventude.

Esta iniciativa dos centros Europe Direct A Coruña, pertencente á Deputación da Coruña, Europe Direct Asturias, da Federación Asturiana de Concellos, pretende potenciar as competencias dos cidadáns e incidir na súa relevancia na formación nun ano, o 2023, que foi designado polo Consello Europeo como Ano Europeo das Competencias.

A maioría, a quedada puxo o foco nas oportunidades que ofrece Europa nos eidos do voluntariado, a participación ou o emprendemento. O programa incluíu tamén actividades de ocio como a *Maxia de Europa* ou unha visita guiada á cidade da Coruña.

O ClubUE é un espazo virtual pensado para achegar a mozos e mozas as oportunidades de emprego dentro da UE e que foi creado por Europe Direct A Coruña en decembro de 2020.

Europe Direct Asturias replicou esta iniciativa no seu territorio en outubro de 2022 e amb